



CEIP DE CERVO

PLAMBE XIII

**"CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED
THROUGH CREATIVITY"**

www.bibliocervo.blogspot.com

**MANFADA E A
COVA DO REI
CINTOLO**

ALFIN/AMI

BIBLIOCERVO


2017/2018

Galicia é unha terra de **lendas**, maxia e meigas, onde todo é posible con só imaxinar.

1. Investiga, axudándote dun atlas, e colorea Galicia no mapa de España e sitúa as catro provincias galegas. Rodea o nome da túa provincia.



2. Sabes o que é unha **LENDA**? Cres que as historias que contan son reais ou son ficción? Imos facer unha definición entre todos. **INVESTIGAMOS**






PARA COÑECER MOITAS LENDAS GALEGAS MÁIS!

- Nesta páxina podedes atopar moitas lendas da nosa comunidade.
http://www.galiciadigital.com/pcd/Biblioteca/narrativa/lendas/lenda_viva/home_lendas.html
- <http://lendas-galegas.blogspot.com.es/2009/01/blog-post.html>
- <https://gl.wikipedia.org/wiki/Lenda>

Agora imos coñecer a Lenda das Covas do Rei Cintolo, nas que din que hai tesouros, princesas e ata dragóns!

Estas covas atópanse en Mondoñedo, na provincia de Lugo, moi preto da noso pobo.

3. Investiga e sitúa o concello de Mondoñedo onde corresponda. Sitúa tamén, o concello onde se atopa o noso colexio. Averigua tamén cantos km os separan, podes usar <https://www.google.es/maps/>



DISTANCIA ENTRE MONDOÑEDO E CERVO: _____ KM

Esta é a ...

LENDA DAS COVAS DO REI CINTOLO



Din que no lugar que agora ocupa a cidade de Mondoñedo, se erguía outra hai moitos, moitos anos, e que tiña o nome de BRÍA.

Nela existía un fermoso castelo, que era o fogar do rei Cintolo.

Este rei era pai dunha filla moi fermosa, querida por toda a xente do pobo pola súa bondade.

O rei Cintolo era tan, tan rico e tan importante que outros reis doutros países moi afastados desexaban emparentar con el, casándose coa súa filla, a princesa Manfada.

Por isto, todos eses outros reis adoitaban visitar ao rei de Bría, e aproveitaban para celebrar grandes festas. A xente estaba contenta e vivía en paz.

A maioría dos pretendentes de Manfada eran fortes guerreiros, acostumados a pelexar e que gañaran as súas posicións grazas as guerras e traizóns.

Por ese motivo tanto Manfada coma o seu pai non tiñan moita présa por celebrar unha voda.

Un día, chegou un xove conde a Bría, que rápidamente se fixo querer pola súa simpatía e amabilidade. A princesa, por primeira vez, quedou abraiada con el e incluso o pai non vía con malos ollos unha posible voda.

Cando todos estaban moi felices, chegou a Bría un exército de homes a cabalo, con armas e gran estrondo de trompetas. Acamparon no medio da praza e o xefe, que era un home de aspecto desagradable, mandou un mensaxeiro xunto do rei Cintolo para dicirlle que o poderoso Rei Tuba acababa de chegar e quería ser recibido para tratar a súa voda coa princesa Manfada. Advirtiuno de que de non ser recibido, tomaría pola forza o castelo e secuestraría á princesa.

Esta ameaza asustou moito a toda a xente do castelo, especialmente ao rei. Ante as dúbidas sobre que facer e como defenderse do terrible Rei Tuba, o xoven conde ofreceuse a loitar con el para defender o seu amor por Manfada.

O rei Tuba, que en realidade era un bruxo, reuniu a outros bruxos que o acompañaban co fin de buscar un encantamento que lle axudara a vencer ao xove conde, xa que debido á súa idade e á súa falta de destreza coas armas sabía que non podía gañar.

Así, de súpeto, escoitouse un tremendo trono, que fixo tremer toda a terra de Bría. O Castelo do Rei Cintolo comezou a esnaquizarse e pouca xente sobreviviu á avalancha de pedras e rochas.

O conde, conseguiu escapar e foi buscar ao Rei Tuba para reclamar vinganza. Conseguiu vencelo e regresou ao castelo, pero

xa non estaba alí. No seu lugar só quedaban unhas profundas covas, cheas de correntes de auga, serpes e curuxas.

Din que buscou e buscou por todos os recantos á súa amada, pero non conseguiu atopala. Outros dín que a princesa continúa alí, gardada por un monstro terrible e esperando a alguén que rompa o encantamento e a rescate, co que compartir as grandes riquezas que a cova agocha.

5. Que personaxes aparecen nesta lenda? Noméaos por orde de importancia.

6. Onde se desenvolve esta historia?

7. Describe como cres ti que era o Rei Cintolo e fai un debuxo del.

8. Debuxa como te imaxinas ti á princesa Manfada?

11. Sabes o que significan estas palabras? I mos descubri lo entre todos, buscando no dicionario. Logo colócaas por orde alfabética.

Emparentar, adoitar, traizóns, encandilada, conde, fogar e afastado

SEPARAMOS EN SÍLABAS

1^a _____ →

2^a _____ →

3^a _____ →

4^a _____ →

5^a _____ →

6^a _____ →

7^a _____ →